


■ Questionario páxina 38-39: A atmosfera terrestre.

1. Que é a atmosfera?

É a capa de aire que envolve a Terra.

2. Fai un esquema chave que se titule “As capas da atmosfera”.



3. En que capa está a maior parte do aire que respiramos?

Na troposfera.

4. Por que gases está formado o aire?

Por nitróxeno, osíxeno e outros gases como o dióxido de carbono ou o vapor de auga.


5. Que é o ozono? Por que é importante?

O ozono é un gas que forma parte do aire. É importante porque absorbe os raios ultravioletas procedentes do Sol que son moi perigosos para os seres vivos.

6. En que capa se atopa a ozonosfera?

Na estratosfera.

7. Fai un esquema nube que se titule “As capas exteriores da atmosfera”



8. En que capa se producen?

- As estrelas fugaces: Na mesosfera.
- As auroras polares: Na termosfera.

9. En que capa hai menos aire?

Na exosfera.

10. Que é o efecto invernadoiro?

É un fenómeno natural producido por algúns gases da atmosfera que reteñen a enerxía que emite a Terra cando a quenta o Sol.

11. Copia o debuxo da páxina 39 do libro e explica de forma ordenada que acontece en cada un dos números.

12. Completa:

- Os gases de efecto **invernadoiro** son uns gases que forman parte da atmosfera da Terra. Fan que parte da **enerxía** que expulsa o noso planeta cara o **espazo** quede atrapada na **atmosfera**.

13. Nomea tres gases de efecto invernadoiro?

O vapor de auga, o dióxido de carbono e o metano.

14. Por que son prexudiciais algúns dos gases que producen as actividades humanas?

Porque cambian a composición da atmosfera da Terra aumentando o efecto invernadoiro e facendo subir a temperatura do planeta.